

DÍA DAS ESCRITORAS

2024



A periferia da periferia:
mulleres que miraron ao mundo rural

ÍNDICE

Aldegunde, Iria	3
Blanco, Concha	4
Bodega, Magoia e Campos, María	5
Borrás, Alicia e Sánchez, Gloria	6
Canosa, María	8
Carballeira, Paula	9
Casalderrey, Fina	10
Castro, Rosalía de	11
Cebreiro, María do	13
Domínguez Torrado, Silvia	14
Ferreira Fervenza, Montse	15
Gallego Abad, Elena	17
Gómez, Lupe	19
Granxeiro, Carmen P.G.	21
Janeiro, Almudena	23
Mariño, María	24
Martínez Lorenzo, Luísa	26
Mejuto, Eva	27
Míguez, Alba	28
Millán, Blanca	29
Miranda, Anisia	31
Moreiras, Ana	34
Moure, Teresa	36
Nara, Antía	37
Novo, Olga	38
Otero, Antía	40
Pato, Chus	41
Perozo Porteiro, Llerena	42
Regueira Cereijo, M ^a Rosario	45
Reimóndez, María	48
Rodríguez, Anaír	49
Salceda, Pura	50
Sánchez, Gloria	52
Schubarth, Dorothé	54
Val, Marga do	55
Varela, Carmen	56
Vázquez, Inés	58
Vila Alonso, Sara	59
Villar Janeiro, Helena	60

IRIA ALDEGUNDE

Memorias dun neno labrego (en banda deseñada), 2024



CONCHA BLANCO

Eu tamén fun pequena, 2023

Na casa do avó, amais de Linda, había vacas, que tiñan a corte na parte baixa da casa, e os cuartos de durmir que coincidían enriba desa zona eran os máis quentes, porque a calor que desprendían as vacas quecía o sobrado. Era coma se tivesen calefacción.

Na miña casa non tiñamos cabalo nin vacas, pero si porcos, galiñas, cans e gatos. Os porcos tiñan o seu cubil, que nós chamabamos "cocho"; as galiñas, o galiñeiro, e o resto dos animais entraban na casa e saían dela cando querían. Pola noite durmían nun alpendre cuberto onde tamén se gardaba a leña, as patacas e outras cousas.

Os gatos eran os meus animais preferidos. Coñecíaos toda a aldea, porque na miña casa amais dunha taberna, había un obradoiro de costura, e cos retallos de tea que sobraban facíalles fitas para poñérllelas no pescozo. Eran os gatos "da nena da taberna". Eran os meus gatos.

Cans, lembro dous, o Atos e o Norte. Do primeiro contábanme que cando eu era bebé e el me sentía chorar no berce, corría onda min e coa pata arrolábame para que calase.

Dos porcos teño dúas lembranzas encontradas: a tristeza que sentía cando era da matanza (canto teño chorado!) e a ledicia que me enchía cando nacían os bacoriños e iamos contando: "Naceu un". Aos poucos minutos: "Xa hai dous!", "Xa hai tres!", e así ata que remataba o parto. Eran tan bonitos!

Como eu fixen unha pausa, preguntou Ana:

-Falta falar das galiñas, avoa!

As galiñas eran moi atravesadas. Ás veces en lugar de poñeren os ovos nos niños dentro do galiñeiro, buscaban curruchos agochados nas leiras ou noutros sitios que só descubrías se montabas vixilancia para dar con eles. Entón si que a descuberta de niños de ovos era unha alegría. Algo parecido a dar cun tesouro agochado. "Encontrei un niño de ovos!", e anunciábalos a berros.

O máis bonito das galiñas era cando nacían os pitiños. Por veces tiñamos que axudalos a nacer rompéndolles un chisco a casca para que fose máis doado saír. E nós, os nenos e as nenas, vixiábamos que o miñato arramplara con algún. Os raposos preferían as galiñas, peor iso era outra historia.

MAGOIA BODEGA e MARÍA CAMPOS

(letra de canción en coautoría con Paulo Nogueira e Carlos Yus)

O espantallo amigo, *Pan de millo*, 2013

Un espantallo divertido son.

Teño paxaros sempre ao redor. (Bis)

Catro farrapos vellos
e palla de centeo.
Cabeza de cabaza
nariz de pataca
e levo por sombreiro
o fondo dun cesto. (Bis)

Un espantallo divertido son...

Fun feito «pra» dar medo
aos corvos e aos merlos,
ás pegas rabilongas,
ás rulas, ás pombas,
pardais e paporrubios...
que todos se escondan! (Bis)

Un espantallo divertido son...

E busco pola leira,
debaixo das maceiras,
enriba das patacas,
do millo, das fabas,
debaixo da verdura,
na froita madura. (Bis)

Un espantallo divertido son...

E voan pola veiga.
Escapan ás carreiras
e logo, moi cansados,
xa van acougando
e veñen ao meu lado
cantando e piando. (Bis)

ALICIA BORRÁS e GLORIA SÁNCHEZ

A fraga do meu avó, 2019

Acórdaste?

Non o esquezas, meu amigo,
cando ti coidas de min,
aínda que non o pareza,
estás a coidar de ti.

Sabes quen son? Son o bosque,
cheirábasme de meniño
nos ombreiros de teu pai.
Acórdaste diso, filliño?

Viñades apañar fento
para a cama dos animais,
recoller todo o toxo
que ciscaba polo chan.

Os teus chíos de alegría
acórdaste diso, rapaz?
Mesturábanse cos ladros
Da cadela e mais do can.

Acórdaste que sempre había
árbores para gabear,
carballos e bidueiros
piñeiros e moitos máis?

As tobeiras dos coellos,
que da man da túa irmá,
asexabas caladiño
esquecendo respirar.

Non te acordas, miña prenda,
do feliz que eras entón,
escoitando a miña historia
da boca do teu avó...

Non o esquezas, son o bosque
que sempre estarei aquí
se todos vós, compañeiros,
coidades sempre de min.

Alicia Borrás

As casas da fraga

Chegou o esquío á fraga
e quixo facer a casa,
preguntou ao Castiñeiro:
Fasme un oquiño na
casca?

E pum-pum,
e tas-tas,
teño casa onde morar,
e castañas
para o inverno pasar.

Chegou o esquío á fraga
e quixo facer a casa,
preguntou ao Gran
Carballo:
Fasme un oquiño na
casca?

E pum-pum,
e tas-tas.
teño casa onde morar,
e castañas
e mais landras,
para o inverno pasar.

Chegou o esquío á fraga
e quixo facer a casa,
preguntou á Abeleira:
Fasme un oquiño na
casca?

E pum-pum,
e tas-tas.
teño casa onde morar,
e castañas
e mais landras,
abelás
para o inverno pasar.

Chegou o esquío á fraga
e quixo facer a casa,
preguntou ao Bieiteiro
Fasme un oquiño na
casca?

E pum-pum,
e tas-tas.
teño casa onde morar,
e castañas

e mais landras,
abelás
e mais bagas
para o inverno pasar.

Chegou o esquío á fraga
e quixo facer a casa,
preguntou a don Piñeiro:
Fasme un oquiño na
casca?

E pum-pum,
e tas-tas,
teño casa onde morar,
e castañas
e mais landras,
abelás
e mais bagas,
piñonciños
para o inverno pasar.

Gloria Sánchez

MARÍA CANOSA

Sáinza a punkiereteira, 2022

-Un trasgo. Uhhh!!!

Algúns caeron de cú. Quen podía agardar algo así?

Bruno pechou os ollos. Aquela "rariña" estaba a piques de xogarlla. Como se atrevía?

Foi entón cando Sáinza, cun sorriso moi grande na cara, se decatou de dúas cousas.

Bruno aínda non sabía que responderlle. Todos a estaban a ver así:

-Do monte tiñas que ser... -foi o único que atinou a dicir Bruno.

Sáinza fixo que non o oíra. Estaba convencida de que o soltara como un insulto. Vai parvada! Vivir no medio da natureza, poder tocar, ulir e sentir o mundo dese xeito era un auténtico privilexio. Pobre, dos que coma el non o vían así.

-Montuna... -elevou o ton de voz.

Desta vez a rapaza deu un paso cara adiante. Estaba disposta a deixalos atrás e cruzar a porta do edificio sen máis.

Por ela, deixaría a liorta así, sen rancor. Mágoa que o seu contrincante non pensara o mesmo.

Cortoulle o paso.

-A onde cres que vas, trasna? Á aldea de onde nunca debiches saír?

Furouna coa mirada.

-Aparta -engadiu secamente.

Pero Bruno non modificou a súa posición nin un milímetro.

-Non, montuna, non... a que sobra aquí es ti.

-Non me digas! Inventaches unha palabra. Que listo!!! Montuna... que será iso? Logo que tes, medo aos trasnos? Aos seres do inframundo? Uhhhhh!!!! É iso?

Bruno sorriu con malicia.

(...)

Esa mesma tarde comezaron os ensaios. Cadaquén ía achegando propostas e ideas. Pouco a pouco confeccionaron o tema, coa inestimable axuda da avoa, que as escoitaba desde fóra e non podía deixar de darlle aos pés seguindo o ritmo.

Dunha vez que entrou a levarlles froita para merendar, xa non a deixaron saír e, pandeireta en man, uniuse aos seus cantos. A súa experiencia dicíalles que, sen dúbida, aquelas rapaciñas tiñan moito que cantar e contar!

PAULA CARBALLEIRA

Daniel no peirao, 2023

Onde está Daniel?

Xaquina (Nai)

Entra Xaquina buscando a Daniel.

Xaquina

Daniel! Neno! Onde te metiches? Pensas que é un bo momento para xogar? Tes que prepararte para mañá. Vai ser unha longa, longa viaxe ata América. Imos estar moitos días no barco, Daniel, e debes ir descansado. Imaxina, a ti que che gusta pintar, o mar azul dos ceos despexados, ou o mar verde das costas, ou o mar gris dos ceos cubertos, ou o mar negro das tempestades e a espuma das ondas, e os raios que atravesan a auga nas tormentas, e as cantigas do vento, e os paxaros, e os golfiños, e as baleas... Se cadra vemos baleas, Daniel. Baleas!

Daniel, Daniel! Contesta!

Xúroche que non me enfado, pero aparece xa. Dixeches que ías dar unha volta para despedirte de Rianxo, e sabes que non me gusta que te escondas, nin que corras, nin que subas ao campanario, nin que sentes no peirao. Ti sempre fuches tranquilo, asinado, coma un homiño pequeno. Onde estás? Se cae a noite, pode levarte a Compañía. Lembras o que che conta a túa avoa, dos espíritos e ánimas en pena que se confunden coa escuridade? Non te fíes de ninguén, e moito menos desa Baltasara, que debe ser algo meiga. Tamén pola noite as meigas buscan nenos para que lles fagan os traballos. Queres traballar na casa dalgunha meiga? Non prefires vir comigo á Arxentina, e estar co teu pai, e ver como son as terras de alá? Seguro que na Arxentina non hai meigas nin Santa Compañía.

Bruxa e familia, 2017

Ao final dun camiño de terra, entre os carballos dunha carballeira, hai unha casa de pedra. Cada mañá, ás oito e vinte e cinco, un merlo peta no cristal da ventá do piso de arriba. Algunhas noites, sobre todo as de lúa chea, é unha curuxa quen peta. No xardín, en covas e túneles secretos, unha toupa expón os cadros da súa obra. Ao saír facer recados, miro a flor amarela e a flor violeta e saúdo as miñocas de debaixo do testo.

En realidade chámome Onomástica. Dúas gatas protéxenme dos medos, dos monstros e das pantasma. Gústame ver correr a miña cadela porque así lembro o grande que é o mundo sen fronteiras. Algún neno ou algunha nena vén visitarme en canto os pais non iran. De cando en vez, recibo novas de Rosaura e Rosaura recibe novas miñas. Sempre hai follas que me saúdan, patas que me aloumiñan, voes que cantan. Eu póño-lles nomes e así entran a formar parte da miña familia.

Equivócanse os que falan de min sen saber como me chamo, con medo ou desconfianza. Algún día descubrirán todo o que poden aprender dunha bruxa. Para comezar, as bruxas nunca vivimos soas. Vivimos sempre acompañadas.

FINA CASALDERREY

O misterio dos fillos de Lúa, 1995

Vivo nun sitio estupendo. Chámanlle parroquia porque temos un cura e unha igrexa moi grande. Desde o meu cuarto vexo a igrexa enteira. Cando hai festa tamén vexo como os foguetes estoupan no ceo.

As casas non son moi altas, pero temos moitas árbores que son altísimas. Cando o sol boa moito tempo sen escapar do ceo, que lle chaman verán, as nosas árbores énchense de froita.

Tódolos días pasa un señor vendendo peixe. Tamén hai dúas tendas onde mercamos moitas cousas, aínda que para as menciñas toca ir á botica.

O colexio é moi grande. Fixérono noutra parroquia, que tamén ten cura e igrexa.

A miña casa está preto do río, pero non podo achegarme alí só. Non me deixan porque se caio, afogo. Iso foi o que lle pasou a unha señora, díxomo mamá.

Antes vivíamos na cidade, nunha casa que lle chaman Segundo A. Alí non eira, nin un cuberto preto da casa con cemento no chan, nin cortes detrás do cuberto, nin adega, nin un baixo moi grande, nin escaleiras para entrar por dentro ou por fóra, nin galiñas, nin gatos... Non tiñamos a Lúa! Cociña, baño, sala e cuartos de durmir, si; pero iso tamén o temos aquí, na parte de arriba.

Ademais, esta casa en tellado. A da cidade, que tamén é nosa, ten enriba as casas doutra xente. Tamén se chaman pisos.

Xa cumprín oito anos en decembro, e sei xusto que día e en que ano nacín. Moitos amigos meus nin sequera saben o ano en que naceron. Son un pouco burráns. Eu son bastante maior. De tódolos xeitos, aínda non teño barba nin bigote. Teño o pelo castaño e un pouco longo, así non me entra frío nas orellas aínda que o faga.

ROSALÍA DE CASTRO

Cantares Gallegos, 1863

Campanas de Bastabales

*Campanas de Bastabales
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

I

Cando vos oio tocar,
Campaniñas, campaniñas,
Sin querer torno á chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira,
e hoxe teño media vida.

Sólo media me deixaron
os que daló me trouxeron,
os que daló me roubaron.

Non me roubaron, traidores,
¡ay!, uns amores toliños,
¡ay!, uns toliños amores.

II

Aló pola mañánciña
subo enriba dos outeiros
lixeriña, lixeriña.

Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada pirmeira.

A pirmeia da alborada
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
nas súas alas me traen,
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.

E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,

rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada
de Bastabales camiño.

Camiño do meu contento,
i en tanto o sol non se esconde
nunha pedriña me sento.

E sentada estou mirando
cómo a lúa vai saíndo,
cómo o sol se vai deitando.

Cál se deita, cal se esconde
mentres tanto corre a lúa
sin saberse para dónde.

Para dónde vai tan soia
sin que aos tristes que as miramos
nin nos fale nin nos oia.

Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.

Diante marcha craxerando
veigas, prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.
Falta o día, e noite escura
baixa, baixa, pouco a pouco,
por montañas de verdura.

De verdura e de follaxe,
salpicada de fontiñas
baixo a sombra de ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.

Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que cas sombras aparecen.

V

Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo,
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.

Eu me quedo contemprando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

Adiós ríos, adiós fontes

*Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.*

Miña terra, miña terra
terra donde me eu criéi,
hortiña que quero tanto
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores, casiña do meu
contento,

muíño dos castañares,
noites craras do luar,

Follas Novas, 1880

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virm'a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña t'hei de cear.
Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,

Ven a noite... morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da *Ave María*.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que por min tén que rezar.
*Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

campaniñas trimbadoras
da igrexíña do lugar,

amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós para sempre adiós!

¡Adiós gloria! ¡Adiós contento!
¡Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso
por un mundo que non vin!

Deixo aigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
¡Quen pudiera non deixar...!
(...)

sinto negras soidás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime ond'está.

MARÍA DO CEBREIRO

O estadio do espello, 1998

A que coñece os nomes,
a que dispón o mundo:
marica vai á fonte
a miña lingua nativa é a normativa oficial,
maruxiña, refaixo, bicos de parafuso,
ximnasia e relixión.
(maruxiña, dáme un bico
que che hei dar un pataco.
Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco)

SILVIA DOMÍNGUEZ TORRADO

As herbas de San Xoán, 2021

MALVA

Malva sylvestris

Malveira, malva silvestre, malva común

Unha curiosidade da malva é que tanto follas como flores son comestibles.

Queimando un pouco de malva seca ou levando enriba uns saquiños dela, pódese abrandar o carácter dunha persoa especialmente rosmona.

Nas zonas rurais, despois dun duro traballo manual con legoñas forçadas, angazos, etc, saían bochas nas mans. Para suavizar, abrandar e desinfectar estas feridas machucábanse malvas coas mans despois de lavalas ben.

Uso medicinal*

Esta herba serve para case todo: arrefriados, tose con dores de garganta e afonías, afeccións dixestivas, problemas da pel (eccemas furúnculos, grans). Serve como emoliente (abranda durezas) e tamén se emprega para rebaixar as inflamacións do aparato dixestivo, estrinximento, etc.

MONTSE FERREIRA FERVENZA

O ano das mazás, 2023

Adelaida é a filla de Deolinda, unha muller solteira. Vive nunha casiña dun só andar ao final do camiño. Non é das que teñen cortes abaixo; non as precisan, total non teñen vacas. Nunha esquina do eido hai un galiñeiro con unha ou dúas ducias de galiñas. Cando entras xa estás na cociña, onde teñen a almofía para lavar a cara e as mans, ademais dunha artesa cun pouco pan de millo, unha lareira coa pota para cocer as verzas, unha mesa de piñeiro, dúas banquetas e un aparador. Despois pasas unha porta e atopas dúas camas con colchóns de follato, separadas por unha cortina. E xa está. Iso é todo o que posúen...

páx. 14

... a verdade é que, dende o da guerra, de cando en vez aparecen pola aldea nenos que semellan pantasma. Piden unha codia de pan e dormen nos palleiros. Disque un día alguén lles petou á porta para levar os seus pais de paseo. Pola mañá atópanos tirados no monte ou en calquera cuneta cunha bala na cabeza. Moitos fillos quedan sen ninguén no mundo que bote man deles. Son cousas ás que non nos acostumamos.

pp. 15-16

Neste inverno a aldea é de fume, de toses, de paredes con mofo. Deolinda, a nai de Adelaida, di que se non para de chover, os vellos cansarán de cuspir e afogarán coas súas propias flegmas.

Hoxe é 15 de febreiro, un día que toda Vilaveiga vai lembrar para sempre. A iso das seis de tarde levántase un temporal que arrepía o corpo. A toda présa, metemos os animais nos cortellos e atrancamos ben as portas; se algunha galiña queda fóra non o saberemos nunca.

O vento ouvea coma esa loba á que os cazadores lle mataron as crías na primavera pasada...

Á noitiña, os da familia compartimos unha cunca de caldo a carón da lareira, falamos de calquera cousa, pero temos os ollos cheos de medo. Meu pai asómase á ventá e ve voar o tellado da corte da Malvarosa. Sae e mete a vaca dentro da casa, así como o conto. Os pequenos estamos contentos pensando que pola mañá poderemos tomar o almorzo directamente do teto. Non sería a primeira vez. Pero madre quere botala fóra. Padre di que a vaca é coma da familia e que de aquí non se move. Máis tarde, cada vez que a vai muxir, ela séntese orgullosa...

pp. 225-6

O carreiro das Maceiras é un camiño abandonado por mor da nova pista, pero ata agora era o único que facía posibles as relacións de todos os habitantes de Vilaveiga: namoros, pelexas, procesións do santo... A verdade é que apenas colle un carro de bois, e no inverno faise unha lameira, pero antes ninguén se decatara de que os seus pedrullas feren os pés, e iso que ían descalzos.

páx. 49

Subo pola corredeira e xa oio a algarabía: sons de cornos, cinzarros e tixolas. O noso eido está cheo de mocidade. Ensaia para a cornetada. Esta vez tócalle á muller do Caparrabichas. Aínda

no hai tres anos que lle morreu o home e disque xa ten quen lle quente a cama. Ela xura que o augardenteiro dorme no alboio, gardando a pota. A saber...

A cornetada segue durante quince días, ata que o augardenteiro se decide a pagar o piso. Convida a viño e contrata un gaiteiro. A festa faise na carballeira. Toda a aldea está alí, ata os parentes que gardan o loito, porque afirman que non é unha romaría. A xente ten gana de troula. As familias sentan enriba das mantas estendidas polo chan. Corren empanadas, sardiñas asadas na brasa, pan de millo... Ata as mulleres beben do porrón...

Á noitiña, mozos e mozas desaparecen polo monte ou entre o millo...

pp. 53-4

O luns traballamos na horta. É o meu lugar preferido. Está a medrar todo o que plantamos: patacas e feixóns, no socalco do medio; no de arriba, cebolas, chícharos e cenorias. Tamén plantamos calacús e remolacha. Só nós comemos esas cousas, os demais bótanllelas aos animais...

Ao redor da casa, mamá planta herbas aromáticas. Eu encárgome de coidalas. É o traballo que máis me gusta do mundo. O eido enteiro énchese de aromas deliciosos...

pp. 72-3

... vou coñecer a aldea. O das viñas é algo que me deixa pasmado. Están plantadas á beira de cada casa, de cada porta, de cada recuncho. Gabean por uns arames e abrázanse entre elas. Todo o que se fai aquí é debaixo da súa sombra: lavar no pozo, mallar no centeo, tomar unha copa de viño co amigo e, de paso, criticar o veciño do lado que reformou a casa cos cartos que trouxo de Francia ou "vai ti saber de onde"...

pp. 119-20

ELENA GALLEGO ABAD

O legado da nena do sal, 2024

Nas casas dos veciños tampouco teñen retretes, así que os desperdicios van parar aos cortellos que hai nos baixos. Coma nós, moitos veciños crían porcos ou cabras para teren leite. Para que o chan deses cortellos estea ben seco, cóbrese co estrume que se recolle nos montes.

Despois duns días, cando os xurelos están listos, a avoa de Ofelita véndeos na feira do Valadouro.

A xente vai a ese mercado, que se celebra todos os sábados..., no coche de liña. A señora Matilde, como as outras vendedoras, sobe enriba do autobús coas súas cestas e caixas. Viste unha morea de saias e acomódase no seu sitio como pode.

Enriba da baca do coche de liña viaxa moita máis xente con mercancía.

Unhas mulleres levan peixe fresco ou en salga, outras van vender empanadas, transportan feixes de flores ou mangados de verduras para plantar.

páx.54

Mentres non comeza o novo curso escolar, os nenos e mais eu imos pasar uns días ao campo, lonxe. Na parroquia de Senra, en Ortigueira, viven dúas tías maiores da señora... que teñen moito gando... Viven da venda do queixo, o leite e a manteiga das súas vacas...

Un día imos todos xuntos no carro de vacas a buscar leña ao monte, para queimar no inverno...

Esta xente é moi boa...

Cando xa teño doce anos e son grandíña, adoito axudar nos labores da casa... O que máis me gusta é bater a nata na máquina que teñen para facer manteiga...

Na casa comparten un forno comunal, onde cocen tres familias acotío. Así sempre hai pan fresco. As súas casas están separadas entre elas por moitas terras e teñen boa relación de veciñanza, coma se fosen parentes. As tres familias tamén poden cociñar a comida no forno, por quendas, cando rematan coas fornadas de pan...

O que menos como neste tempo é caldo, que é o que adoitan cear e xantar estas señoras. Elas están tan cansas de andar co leite que xa nos lles chista nada.

Que vacacións teño este ano!

pp. 280-82

A familia do meu pai vivía da cría de cabalos. Viñan de todas as partes de España a mercar cabalos alí. Arriba, no monte, tiñan unha casa preciosa de pedra, cun muíño grande e cun gran chorro de auga. Cando eran nenos, meu pai e a súa irmá baixaban á escola a cabalo todos os días, dous ou tres quilómetros. Ataban os cabalos na porta do muíño e ían á escola. Alí viña moita xente a moer. Toda a miña familia, pola banda do meu pai, eran muiñeiros.

páx. 345

Doulle ao chofer as indicacións da aldea da que tanto me falou o avó Manuel cando era pequena. É a mesma que nomeara o meu curmán cando nos coñecemos...

O condutor avísame ao chegar a Fazouro.

-Moita sorte, nena!

Baixo co atado do autobús e pregunto na aldea pola casa do meu tío...

pp. 407-8

LUPE GÓMEZ

Camuflaxe, 2017

QUÉROTE, cos meus dedos mudos.

Coas bolboretas do aire fago para ti un encaixe.
Coa forza cega dos meus ollos tristes
ensaio para ti unha obra de teatro.
Co meu amor fágoche
un bosque.
Aprendo a escoitar as nubes, a traballar a terra e a ler o ceo,
no teu colo.

TI NON TIÑAS soños

porque as mulleres na aldea non soñan.
O atraso económico de Galicia
era unha forma de vangarda artística.

AFIXÉCHESTE A ENCOLLERTE ata desaparecer na néboa.

Nai da paciencia.
Filla da terra.
Anel de ouro.
Actriz felizmente camuflada
nos sublimes restos da paisaxe.
A túa cara colorada e cargada de traballo e entusiasmo.
O teu pelo ondulado en caudaloso río de auga verde.
Os ollos do pai, abertos á Natureza,
á conciencia limpa,
ás vacas intimas,
á inocencia da chuvia,
á pureza das emocións,
á luz sagrada do viño,
a misericordia das sensacións,
á poesía escondida no hórreo,
á memoria milagrosa.
Ollos abertos aos cánticos do carro,
ao fiel xugo,
ao fértil arado e á Santidade profunda do Aire.

DABAME NOXO o leite de muxir. Cheiraba mal. Non me gustaba

a tona. Ferviamos o leite despois de ir á misa. Amasabas o pan, con
auga e fariña branca da terra. Non había tempo para bicos nin
palabras de amor. Ti gardabas barcos nos petos. Eu escapaba
correndo. Tiñamos medo dos tronos. Rezabamos a Santa Bárbara.-

FACÍAS QUEIXOS na lareira

e eu abrigábame no regazo sentimental do meu pai,
fronte a ti, no banco. Ti non parabas de mirarme.
Eras feliz reinventándote en min.
-Os ollos das vacas están cheos de fundamento.-

POÑÍAS TANTO amor e coidado naqueles

queixos...! Facías arquitecturas prodixiosas,
como unha muller que se disfrazaba nun espectáculo de cabalos
camuflados, cando o mundo desaparece porque hai guerra.
Eu era un pexego, unha nena democrática, tranquila, boa.

CARMEN P.G. GRANXEIRO

Estranxeiras, 2022

O núcleo central da aldea tiña os camiños asfaltados e a medida que te afastabas do cruceiro, arredor do cal parecía estar organizada, ías atopando cada vez máis terra e pedra substituíndo o cemento. Só os estreitos carreiros principais mantiñan o monótono ton gris, roto, iso si, pola resiliente vexetación das cunetas. O Gordo botaba nelas herbicida, polo que alá onde as herbas ficaban amarelas e esmorecidas, dun amarelo artificial que metía medo, sabíase que era terreo do gandeiro.

páx. 20

A calma da aldea comezáballe a producir certo desacougo. Botaba en falta o movemento continuo da cidade, a vida bulindo nas rúas, os acontecementos inesperados que marcaban as rutinas que non o eran. Botaba en falta o seu apartamento, a luz do norte que, a estas alturas do verán, facía das noites, días

... Pasaban dous autobuses preto da aldea pero ningún lle daba a posibilidade de ir e volver no mesmo día...

pp. 25-26

Dende o camiño viu a pequena casa nos intres en que as árbores llo permitían. Achegouse á entrada e pasou ao lado do pendello, onde gardaba a Kawasaki. A porta da casa estaba pechada pero escoitou voces que viñan da parte de atrás.

Na leira, Herminia aconsellaba a B sobre a posición axeitada para coller o sachó. Levaba un pucho de tea na cabeza, co logotipo dalgunha marca de fertilizantes, e falaba moi alto... Ao pé da horta, nun luído balde cun chisco de auga, Herminia tiña algunhas plantas e todo indicaba que estaba facendo á estranxeira preparar a terra para transplantalas. A vulgar polo aspecto da leira levaban alí un bocado, había unha morea de herbas aos lados e B tiña a camiseta de tirantes chea de terra e suor.

pp. 44-45

-Estou pensando en quedar na aldea. Deixar o piso e facer unha mudanza... Sei que é unha tolería, pero... Xa ves. Antía vai estar feliz... E eu podería traballar dende a casa, ou intentar atopar algo na vila para non ter que ir até a cidade todos os días...

Dende que se coñeceran Mara soubera do temporal da súa estadía na aldea, mais as semanas pasaran e case ía para tres meses... Tres meses podían parecer pouco, mais eses tres meses ela sentíaos como unha vida.

De volta á casa Mara dubidou por un momento se proporlle a Antía o de quedar na aldea ou non... Na aldea tiña tamén a Vanesa, fixéranse boas amigas a causa da amizade das súas fillas, e sentíase con Maruxa mellor do que adoitaba sentirse no seu piso. Sabía tamén que a súa tía lle gustaría a idea. Foi ela a que primeiro verbalizara o moito que as ía botar en falta cando volveran á cidade.

páx. 105

O autobús escolar deixaba as pequenas na saída da nacional que levaba á aldea, a case un quilómetro da casa de Maruxa e un chisco máis da de Vanesa.

páx. 118

As follas das árbores amarelaban, os toxos tinguían tamén os recunchos máis esquecidos das ladeiras e, entre as tormentas, as raiolas do sol outonal deixaban momentos que retrotraían ao verán. Herminia poñía unhas ringleiras de allos na terra que había tras da casa e que deixara baleira a estranxeira había só unhas semanas. Separaba as ringleiras entre si, coas puntas dos dedos polgar e maimiño, marcando o palmo tal e como lle ensinaran de pequena.

pp. 121-22

Paulo aínda estaba a se decidir sobre a súa mudanza á aldea. Unha cousa era dicilo e outra facelo, canto máis o pensaba máis trabas lle vía ao tema rural e máis atrancos se autoimpuña, mais a idea era facelo aproveitando os festivos do Nadal.

páx. 126

O frío invernal non precisaba de que chegase o solsticio para se manifestar e Antía estaba a descubrir as bondades do tiro da cociña. Sentábase no banco, contra a parede e coa cociña acesa en fronte, e poñía os pés sobre el, que se elevaba quente dende o chan até que as solas das zapatillas estaban a piques de se derreter. No seu cuarto ía máis frío que na cociña, polo que moitas noites facía alí os deberes, ou na sala. E coma se unha cousa levase á outra Maruxa colleulle o gusto a sentar canda ela, co labor ou cun libro. Algunhas desas tardes o cheiro a goma queimada acabábase mesturando co das mazás que asaban no forno. Véndoas, Mara non sabía cal das dúas semellaba máis cativa, e nos beizos da súa tía achaba plenitude.

Nunca reparara naquela situación doméstica até que a propia vida a levara a ela. A vida e Antía. Aquel verán na aldea mudara a súa filla, converténdoa na persoa leda e amorosa en cuxos beizos lía a mesma plenitude que nos da súa tía.

páx. 151

ALMUDENA JANEIRO

(canción a partir dun conto de Eva Mejuto)

Maruxa en *Máis contos en cantos*, 2016

Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vai facer o pan,
que quero papar!

Eu faría o pan,
mais non hai fariña
Vai ti polo trigo,
Pepiño, querido,
e farei o pan.

Xa fun buscar trigo,
xa tes a fariña
Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vai facer o pan,
que quero almorzar!

Eu faría o pan,
mais non queda auga.
Vai por ela ao río,
Pepiño, querido,
e farei o pan.

Xa fun buscar trigo,
xa tes a fariña,
xa fun ao regato,

xa tes toda a auga.
Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vai facer o pan,
que quero xantar!

Eu faría o pan,
mais non hai fermento.
Vai por un chisquiño,
Pepiño, querido,
e farei o pan.

Xa fun buscar trigo,
xa tes a fariña,
xa fun ao regato,
xa tes toda a auga.
Merquei o fermento
para levedar.
Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vai facer o pan,
quero merendar!

Eu faría o pan,
mais non queda sal.
Trae do mar un quilo,
Pepiño, querido

e farei o pan.

Xa fun buscar trigo,
xa tes a fariña,
xa fun ao regato,
xa tes toda a auga.
Merquei o fermento
para levedar,
volvín xa do mar
cargado de sal.
Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vai facer o pan,
que quero cear!

Eu faría o pan,
con fariña triga,
un chisco de sal,
a auga e fermento,
mais morro co sono,
quero descansar!

Maruxa, Maruxa!
Que morro coa fame.
Vou facer o pan!

MARÍA MARIÑO

Palabra no tempo, 1963

1
CASAS, casiñas vellas, en fume e fume brilades,
recendendo a vidas probes e a paz dos vosos lares.

2
Camiños de cruceiros! Santiñas na súa furna!
Rapaza para a fiada, correndo co ollas rda lúa.

1
FRORIÑA de alto talle
entre herbas ben nacida,
hoxe toda peito es
do alento daquel día.

2
Freriñas dos valados
e follas d'entre silveiros,
teitos sodes calados
dos fogares latexeiros.

O arbore seco

ADEUS, arbore de anos feito!
-dinche as xeadas que che queimaron, o sol que
che quentou
i o vento que por ti pasou,

Dónde ... aquelas noites frías
con mirada branca pola neve?

Agora
outra,
com'aquela de aqués días
mirarás encendido pola dor
o noso rostro que chegadiño a ti,
vela no lar a túa última coor...
EU NON SEI quen manda hoxe que fixo de min
pingoada.
Vou rolando, nome teño,
no me pilla o Sol,
no me ergue a nebra, rolo,
rolo,
rolo por pulo,
rolo por retornos
e por pisadas vellas.
Atrancóuseme no paso unha migalla de aurora.
Era a lúa soia,
era o Sol que voces daba,
era néboa envolta,
era auga que corría,
era vento,

era a Terra toda.

Uces e toxos crucei,
crucei o mar desde o fondo,
crucei pincheiras e cumes.
Fun rolando río abaixo,
erguinme, crucei dos pinos,
das carballeiras,
da pandereta,
da gaita tamén crucei
do lumeiro,
dos muros vellos,
de picaños medas,
dos follatos o ruxir,
dos refreixos que me envolven,
das mociñas, dos meus vermellos refaixos,
da roca-fuso –baile en liño–,
dos pendellos donos da lúa,
do rouco can de palleiro,
do noso alalá,
do hórreo, das calexas tamén crucei.

Zoa na carballeira

Zoa na carballeira
algo que non é o vento.
Abren súas sombras as áas.
O da chegada é o tempo.

Póusase a anduriña
na corta onda do cuco.
Todo o camiño é do carro.
Tende o pastor o caiado
ó longo baile do fuso.

Si o outono non crebara o tempo

Si o outono non crebara o tempo
non se erguía en verso longo o poeta,
o troveiro que en liña chega á meta
arrola a cume, espaia a néboa, achega o vento.

Os cantores esquecen o seu día
e dóense do que saben que lles chega.
Quece o zoco no ourizo e na nebra.
Vela o arbore a súa en lousa compañía.

Alumea o souto a esperanza soia,
a que onte viveu na súa sombra amiga,
espera hoxe o que dela quedou fóra.

Roda do carro que, entre lousa e folla,
vas trocando por mañán cantiga
¡atopas noite, atopas día e quedas soia!

LUÍSA MARTÍNEZ LORENZO

PUF! Vaia peido... Seres sorprendentes con nomes ben ocorrentes, 2018

Bailarete

Hai moitos anos, os bailaretes eran un dos xoguetes cos que máis gozaba a rapazada do noso país, que trataba de facelos xirar o maior tempo posible.

No mundo das plantas coñécense co nome de bailaretes, ás masas de tecido vexetal que se forman nas pólas dos carballos a causa da picada da avespa *Andricus quercustozae*.

Este insecto coloca os seus ovos nos brotes das pólas e, cando a árbore detecta a presenza do corpo estraño, vaino recubrindo de tecido vexetal para illalo da rama e que lle moleste o menos posible.

A medida que ese tecido medra, con cada ovo de avespa vaise formando un bailarete.

Esta estrutura de defensa creada pola árbore, lonxe de facerlle mal ao ovo, convértese nunha incubadora natural estupenda que o protexe das inclemencias do tempo e dos depredadores. Ademais, o interior do bailarete tamén lle serve de alimento á larva.

Como son tan abundantes, hai persoas que os confunden cos froitos dos carballos.

Cando a larva está convertida xa en avespa, fai un buratiño polo que sae ao exterior e abandona para sempre o que, ata entón, foi o seu comfortable niño.

Hai outras avespas da mesma familia ca as *Andricus quercustozae* que producen estruturas de defensa nos carballos. Algunhas parécense aos *bailaretes*, pero outras son moi diferentes e, nalgúns casos, moi rechamantes. Hainas que medran nas xemas, outras enriba das landras, no envés das follas.

EVA MEJUTO

A lavandeira de San Simón, 2020

Non quero amolala, que xa pasa moito traballo co asunto da roupa: cargala ao lombo nun cesto ata o río, poñela a remollo, bater nela, pasarlle o xabón, Fregar, enxaugar, volver fregar, volver enxaugar... Retorcer. Cargala mollada, que pesa aínda máis, para tendela na casa. Despois, pasar o ferro e dobrar.

Mamá vai ao río moi cedo, xusto cando nace o sol. Di que así ten máis sitio para ela, pero eu sei que é porque hai xente que non a mira ben.

Os mércores tamén cheira a empanada acabada de enfornar. Cando mamá ten a roupa arrombada,ponse a amasar e a preparar o amoadado cos chocos fresquiños que lle traen os mariñeiros. Eu axúdoa sempre. Amasar préstame, pero limpar chocos dáme moito noxo; quedan as mans negras e cheirentas, e os cativos fan burla de min.

Eu quería que a empanada fose para a casa, pero mamá repite unha e outra vez que hai que compartir cos que teñen menos ca nós, aínda que nós teñamos xa ben pouco.

Para que non me anoxe dáme un bico e as cunchas dos chocos, coas que fago barquiños con mensaxes secretas.

Quizás algún deles atravesese o océano e se atope con papá.

ALBA MÍGUEZ

Os vagalumes de Marí, 2024





QUE PLANTAMOS NO VERÁN?

No verán comezamos a planificar os cultivos de cara ao outono / inverno. Podemos ir plantando novos vexetais conforme os cultivos de verán van chegando ao final da súa produción, unha vez limpemos e fertilicemos o terreo.

Ademais, durante o verán podemos preparar os sementeiros ao aire libre dunha gran variedade de crucíferas e, coa chegada do outono, levalas á horta.



Nabizas e grelos

Os dous cultivos proveñen do nabo, que sementaremos directamente na horta. As nabizas son as primeiras follas tenras, que saen no outono, e os grelos unhas segundas follas que brotan do talo no inverno, xusto antes de afloraren.

ANISIA MIRANDA

Biblioteca na aldea (Artigo publicado por Anisia Mirando no xornal *A Nosa Terra* (Guieiro Cultural) o 6 de febreiro de 1997)

O soño comezou hai unha morea de anos -vinte ou máis-, eramos tres a compartilo: Manolo Reimóndez, Pepe e eu. A Casa Vella, que fora dos avós de Pepe e na que naceran el e tres irmáns máis, tiña de converterse nunha biblioteca pública.

Aquela pequena casa do século XVIII, xa entón empezaba a deteriorarse por todas partes. A que fora corte da vaca enchíase de auga no inverno, e un irmán dos máis novos deu en chamala "a piscina". O teito sobre o forno caía: entre o San Martiño e a primavera perdía e perdía tellas, e o canizo podrecera. As chaves da casa, ben postas polo pai, home de moita sabencia en carpintaría, ficaban ordenadas nun taboleiro, pero cheas de ferruxe; a gramalleira, igual... Foi daquela cando decidín sacala da casa, xunto coas chaves, non porque a porta de entrada estivese podre e pechada cun aramio e non fora o demo, senón porque se caían as paredes, quen as atopaba despois.

Pasaron os anos e nós os tres seguíamos na mesma teima, roe que roe polo baixo, inda que Manolo xa o facía polo alto. Chegou así 1992. Pepe romperá un fémur e inda que físicamente ficaba restablecido, con cinco parafusos do trinque, padecía un profundo ataque de morriña: nomeaba arreo ós seis irmáns ante a nosa entrañable amiga Rosa, e se lía un poema do que fora mestre de José Martí, Rafael María de Mendive, adicado ó pasamento de Rosalía, rematábao coa voz crebada.

Foi entón cando Rosa e mais eu dedicimos propoñerlle a Pepe que viñésemos pasar un ano a Galicia. Os dous estabamos xubilados e na Habana e no resto da Illa só tiñamos obrigas sentimentais e de pensamento, como as seguimos tendo.

A primeiros de xullo daquel ano agardaban por nós en Lavacolla Manolo, Díaz Pardo -amigos entre eles tamén- outros amigos e algúns irmáns.

Entón soubemos que os irmáns, en tenra xuntanza, arranxaran todo para que a Casa Vella, coñecida por A Casa do Romano -nome que ten unha historia para saborear- quedase nas mans de Pepe; mans nas que estivo ben pouco: ós oito días xa a doara ó concello de Vila de Cruces, ó que pertencía aquela casiña labrega, declarada "en estado ruinoso".

Dende aquela todo foron milagros, levados a cabo por amigos e institucións: A Casa do Romano comezou a reconstruírse co propósito de que nela se instalase unha biblioteca pública. Mentres, nos morabamos no Instituto Galego de Información, baixo do teito amoroso de Isaac.

A nova da futura biblioteca espallouse na prensa e pola comarca do Ulla, e os comentarios eran: ¡Unha biblioteca en Gres! Coido que sen malicia ningunha, ninguén o cría posible. Aquelo dunha biblioteca onde por non quedar non quedara nin a escoliña unitaria (cando se creou o grupo escolar nunha parroquia ben distante), non tiña moito sentido. Só uns cantos "tolos" -os tres de sempre máis outros que empezaron a compartir tal "tolemia"- maxinabamos e soñabamos a un tempo.

Comezamos axiña a escribir ás editoriais galegas, explicando o proxecto e pedindo a doazón de libros para nenos e adultos. Tiñamos decidido que o que fora o sobrado -dormitorio común da familia- destinaríase a sala de lectura para adultos, e a dos nenos e adolescentes radicaría na que tiña sido a corte da única vaca. As editoriais, deputacións, Universidades, Fundacións culturais, institucións diversas responderon e seguen respondendo moi ben, con emocionante solidariedade e cabal comprensión do proxecto. E tal foi tamén a resposta dos veciños das comarcas do Ulla e do Deza e doutros lugares de Galicia aportando trebellos de labranza, do liño, da pesca no río, ferramentas de carpintaría... para o museíño etnográfico que se ven montando, anexo á biblioteca, no espacio que ocupara a cociña familiar.

Organizamos primeiro o que se refire a nenas, nenos e adolescentes. E o 28 de nadal de 1996 convocámoslos coa única condición de traeren dúas fotografías para os carnés. Empezou así o traballo da biblioteca que de feito convertiuse en circulante polo pouco tempo de que dispoñen os nenos nos meses de curso escolar, porque chegan tarde no autobús e porque no verán os máis deles prefiren o río ou o sol das praias.

SOÑO CASE REALIZADO. FERMOSAS SORPRESAS. As opinións no entorno non eran as mellores. Seguíamos sendo uns "toliños" -o adxetivo xa levaba tenrura- que crían que a xente labrega, avós, pais, fillos, netos se adicarían a ler. Díciase que non tiñan costume, que rematabam cansos do traballo, e ó regreso da escola debían facer os deberes, vían a tele e inda axudaban cos animais. A xente non le, comentaban. Se a biblioteca estivese nunha vila... Alguén chegou a falar sobre o pouco espelida que era a xente do campo, os aldeanos... Eu non quería ser nin pesimista nin optimista, pero foi crescendo en min a necesidade dunha "vinga" ou desquite: nena de campo fun inda que non nestas terras; muller de escribir para nenas e nenos son, e aínda que non fixen caso de comentario ruín sobre a falta de viveza de nós, as xentes do rural, teimaba por demostrar o contrario.

En semanas tivemos lectoras adolescentes con certo hábito de lectura, e algunhas cativas e cativos de 4º, 5º e pequerrechos que viñan con eles e levaban libros para as súas idades posto que as nais estaban dispostas a lerllos.

A noticia da biblioteca xa en activo foise espallando a arestora Gres é a parroquia que ten menos socios -os nenos e rapaces son minoría (teño que estudar o asunto) porque ten pouca poboación infantil-, pero veñen de Ponte Ledesma, Oural, Camanzo, Carbia, Cumeiro, Brandariz, Castro... Ou sexa, a biblioteca atende non só as aldeas do concello de Vila de Cruces -ó que pertence Gres-; utilízana tamén poboadores dos concellos de A Estrada, Boqueixón, Touro, Silleda.

Ata A Casa do Romano chegan inda que chova ou xíe. E a vella corte da vaca convírtese nas tardiñas nunha piteira engaiolada fronte ós estantes de libros para as distintas idades, os dicionarios, as cintas con música e contos narrados polos autores, as tarxetas que ensinan a coñecer árbores e animais do mundo enteiro, as Enciclopedias especializadas. E tamén serve a biblioteca ós que teñen que facer traballos de clase de EXB, ESO, COU, Universidade. E a Biblioteca, como ten os mellores sentimentos, deixa que cadaquén leve un libro, catro ou os que sexa capaz de ler. Pregunta por canto tempo ten necesidade deles e permite que llos saquen dos seus fortes estantes de pino natural, porque sabe moi ben que voltarán na data escollida, gardados en bolsas para que non se mollen nin se luxen; e tamén sabe que as mesmas mans que os levaron volverán a poñelos no seu lugar preciso.

A BIBLIOTECA TEN DEPRENDIDO MOITO NESTE SEU PRIMER ANO. Por exemplo, as nenas e nenos de Vila chegaron unha vez cun regalo: unha ranciña que atoparon nun corgo e que logo tornaron ó mesmo.

Silvia, hai meses dicía: "¡Ai, canta letra ten este libro!". "Non muller, non é para tanto, verás como te acostumas". "Ai non, Anisia, ten moita letra". E levaba un só libro de "pouca letra". A derradeira vez que veu sacou libros ben escollidos. "Pero Silvia, ¿ti non eras a que querías poucas letras?" "Sí, pero estes léoos axiña, entre esta tarde e o fin de semana; tamén é que agora gústame moito ler".

E Sandra, que tiña tanto medo ós estantes e a ler os títulos, foi a primeira en pedirllas libros non de ficción, libros de "aprender", porque ela tolea pola flora e a fauna da Terra e pola Historia do Mundo; e despois dela os estantes non dan feito, fican baleiros, prestando libros sobre estes temas.

¡E o Brais! Cinco anos. Lélle Rubén, seu irmán algo maior. Pero Brais é quen de pedirlle ó seu estante preferido o que quere levar. Chega coa súa bolsiña, saca o libro que levara e di: "Desapúntame iste". Logo volta da beira do estante e pide: "Apúntame estoutro!"

Como os estantes conteñen libros en galego e castelán, teño preguntado en que idioma lles é máis doado ler. A resposta en distintas idades é máis ou menos a mesma: "En calquera dos dous", ou "non me dou conta no que leo".

Recoméndanse libros entre eles. E teñen aínda máis sabencia: alguén pregunta se un libro é bo; e a resposta inmediata é: "A min gustoume, pero se cadra a ti non... ou si".

Outro asunto. Veñen rapazas que convenceron ás súas nais para que se fixesen socias. Sandra lévalle á dela libros de Rosalía. E Pura, avoa labrega que apanda con case todos os traballos da casa, dime: "Cando durmo ós nenos quédome lendo unha horiña; gústanme os contos que falan de nós. En troques Adolfo, tío avó, leva libros referidos á Galicia de hai séculos.

Na nosa casa da Habana gardo amorosamente o primeiro e único libro que tiveron na miña infancia campesiña. Mercáralo meu pai na vila, nunha librería de vello, con esforzo, porque os cartos escaseaban. Deu cun libro escrito por Esteban Borrero, respetado e coñecido pedagogo cubano que viviu entre finais do século XIX e comezos do XX. Borrero facía unhas tertulias na súa casona das aforas da Habana, e sábese que a elas, entre os máis entusiastas, recibía a Curros Enríquez. Quixera citar, de memoria, os tres primeiros parágrafos dese libro:


"Leer no es meramente pronunciar con voz clara las palabras impresas en los libros. Mucho es ya que uno pueda hacer eso, pero no lo es todo." "Leer, cuando se hace en voz alta, es hablar por otro. Leer, cuando leemos solo con la vista, es pensar por otro." "Y como el que escribió lo que leemos pensó y sintió antes de escribirlo, nosotros pensamos y sentimos con él para interpretar lo escrito, que es el fin supremo de la lectura".

No primeiro Círculo de Lecturas que celebremos este ano, nas vindeiras semanas, estudiaremos estes tres parágrafos de Borrero, traducidos ó galego. As amigas e os amigos das estanterías da Casa do Romano xa están preparados para facelo e para comprender, e ó mellor gardar na súa memoria, as verbas daquel mestre. Pouquiño tempo precisarán para chegar "ó fin supremo da lectura".

Manolo: eu sei que, inda que marchaches, ti tamén disfrutas, como todos nós, cos amigos e as amigas dos estantes. E que, coma nós, estás seguro de que non demorarán en acadar nos libros o pasaporte para os seus mundos interiores.

ANA MOREIRAS

Madia Leva, 2020





TERESA MOURE

A casa dos Lucarios, 2007

A vida ía manando paseniño, coa correspondente ración de dores e alegrías. A Rosa reinaba na súa facenda como a formiguiña laboriosa que era. Na casa non había animais grandes: as burras que antes tiraran do carromato morreran de vellas e non chegaran a mercar vaca ningunha porque axiña estableceran o negocio no sitio pensado para a corte. Aínda así, a Rosa levantara un pendello pequeno para os coellos, as pitas e mesmo para unha morea de gatos que se instalaban por tempadas na casa e, aínda non sendo produtivos, servían para que Rosa temperase, en acariñándoos a súa pródiga maternidade. O día íaselle entre os coidados dos seus, dos animais, da horta e as tarefas dunha casa que medraba con eles e que á Rosa ás veces gustaríalle ampliar para fachendear, e outras para reducir para limpala máis comodamente. Todo depende da dirección que traia o vento.

Ademais deste labores, a Rosa ía de cando en vez cos seus irmáns á Maragatería e volvía ateigada de farrapeiras, de tarecos, de trapalladas, de menciñas, de teas e feiturás que despachaba na taberna, no mesmiño nariz de Chicho, que disimulaba a vista para non se amoucar, porque as mulleres cos seus gritos excesivos –“Ai que feitiño!, mira para aí!” –, por non falarmos do movemento das súas cadeiras, distraían os clientes de beber, que era o seu e, sobre todo, porque non lle gustaba pensar na Rosa coma nun ser independente, que calquera día, Rosiña, poste rica e déixasnos aos nenos e máis a min e embarcas cara a América.

-Bo, hai que ver que babeco es, eh?

Nos cinco anos que seguiron á súa instalación en Ferreira, a Rosa tivo a Leocadia e máis o Néstor. Cando sentiu as patadas doutra criatura no ventre, dixo moi formal:

-Temos que facer cambios na casa.

- Outra vez? Logho non está ben como está?

-Claro que non, ho. Os cativos van medrare. Quero que teñan camas de seu.

-Esta muller está tola. Nunca tal se viu. Se ti non a tiveches nin para casare...

-Chicho, non te enfades: imos facer ben as cousas. Na planta de arriba podíamos tamén poñer un comedor a xeito... e unhas escaleiras de patín para que se poida entrar desde fora! Logo, levantando unha parede, facemos un cuarto para os dous rapaces e máis outro para as dúas rapazas, con cadansúa camiña. O que veña quedará abaixo no cuarto apegado ao noso.

Ao Chicho tan mal lle pareceu que os proxectos estivesen adiantados sen el ser consultado que baixou para a taberna e bebeu un viño con cada cliente dese día, “só por acompañar, eh?”. A noite sorprendeuno apertado á súa gaita grileira, que a dicir verdade naquela ocasión xemía un pouco menos afinada do que adoitaba. Como a Rosa daquela xa contaba cun rapaz de dez anos, que o Xanciño fixéraos por marzo, deixou ao home vivir o seu capricho a gusto, e sen preguntar nada traballou tres días cun albanel que trouxera da aldea, ademais do neno, que servía de mandadeiro e de todo un pouco. Tres noites despois, farto de sonecas mal durmidas e de augardente de herbas, o Chicho petou na porta:

- Cando imos á feira polas camas?

ANTÍA NARA

Cara ao leste, 2016

Mulleres que van cara o leste porque saben que tardarán en dar a volta que as leve ao punto de partida.

Outras que se enterran na aldea, ese inferno que as consume ata convertelas en animais mansos, capaces de aterrorizar outras mulleres. Mulleres shopping mall, de conciencia social e produtos de bixutería; todo se pode comprar no mercado global da desigualdade. E esas que se agachan, esas que se esconden baixo a pel inimiga para non levantar sospeitas.

OLGA NOVO

Cráter, 2022

DANZA DA BISAVOA DESCALZA

Pietá pietá
a miña bisavoa pasou fame
e a min
o calcio da linguaxe
aliméntame os ósos.

Andou descalza ata os dazaseis anos
co arcón do pan pechado con cadeado
fascinada polo brillo dunhas letras
que non entendeu nunca

desde nena sen querer
destapo os miolos pola noite
e así sinto as túas tripas falándome
coma un oráculo

de súpeto o mundo entra en min como nun transo
e sei que a túa fame segue viva:
non conseguiches levala contigo
enterrada na tumba do teu estómago.

Non descansa a miña bisavoa descalza

estame tragando o abismo
coma unha acuarela de Turner
estás ti disposta a romper o día
cunha aixada
na canteira
onde as únicas maus de muller son as túas
e desde que sei todo isto
vou rabiosa e tenra polos camiños
cravándome á verdade coma se fose unha agulla

estou escribindo isto cos teus liviaos
orfa pequena
estou dando a entender a túa dolor a mordedelas
sábelo ben
desde o alén

lavo no pozo do río Rubín
as túas maos lumpemproletarias
luzo a túa escoliose coma un ornamento astral
deixo que a gravidade me presione as vértebras
e mas enrosque á terra no Castro da Roda
pode a túa herdanza xenética
seguir carretando pedras ó meu carrelo
ata que me tomben

estou entrando na fase granítica

reverbero o meu sangue ó instante
máis feliz da túa vida

e co teu tecido celular fago unha saia de flores
para estrear o día da nosa señora
canto che gustaría... querida bisavoa:

ando roendo raíces e soños sós.
dóeme o ventre e a lucidez faime verte
na noite menstrual divina
onde locen as estrelas que contabas de pequena.

Non descansa a miña bisavoa descalza

e agora eu

que teño a idade dos metais...
son a remota mente
arráncome do teu rastro á razón
vou a onde me leva o teu tímpano
coma unha cigana errante cantando a Maldoror
bótolle os cans á túa dor maldigo o trigo negro
que non comiches
que apodrente a raíz do poder que non che deu de comer.

Tantas veces sentiu a túa epiderme o pánico
tantas veces fuches a romper o día
cunha machada ó aire
tantas veces a túa mai morta sobre as augas do río
cantou para que durmiras
unha aria entre as troitas...

ancestra miña pequena orfa.

E aínda agora
a lúa vella saca a túa porta do guiceiro
morde a túa bisneta que fala co sílex de madrugada

fago chispas coa lingua
a xeadá baixo os teus pés pequenos
é un pensamento que crispa
debería aprender a morder
e que apodrente
que apodrente a raíz do poder
que non che deu de comer.

Pasa as páxinas da miña mente
esta voz invisible que acaso eras ti
deixa que morda coma a boa ladroa de lume
e fume e entrego na danza o carozo da alma
porque
non descansa
a miña bisavoa descalza
non descansa
a miña bisavoa descalza.

ANTÍA OTERO

O cuarto das abellas, 2016

As casas deixan cicatrices

(ás veces invisibles)

pero queiman

Antes

na casa

a calor viña

dende abaixo

Vendido o gando

puxeron calefacción

CHUS PATO

Sonora, 2023

Declara a dor:

agora ti es a cabeza plana triangular da
ancestra
nos Bordos medran carballos
e as leiras son de centeo e trigo
e nos adentros do verso os tubérculos
As portas da Anta abren para acoller o corpo
da concepción.
Os teus aneis son lagoa
nela descansan as que non admiten ser
perturbadas
nada se interpón xa entre ti e a morte.
Declara a dor:
os teus aneis son rio que sostén a caeira de
socialcos
as ancestrais cultivan
e beben o prebe da pavía,
con elas soportas o bombardeo de Barcelona
con elas serás América.
Non son mudas
non gardan silencio
acadaron a serenidade.
A túa cabeza é triangular
o teu idioma repta e neste intre mudas a pel
para que florezan os mundos
nada se interpón xa entre ti e a morte.
Declara a dor:
un brote que se escribe nas augas da Antela
nomes que son dun río

por iso cultivo un xardín
para poder dicircho
«non me toques»

Polas de salgueiro ceibe torcendo

medrando cara ao azur
e as follas case verde nilo protexéndonos,
é pesado o corpo dos adolescentes
caen
as melenas negras longas rizadas
no outono das terras,
baixo os arcos pasan os rabaños
baixo os carballos o verdor, denso
unha bubela é a chave para entrar:
de perfil semella un dinosauro mínimo
e as raias negras e brancas da cola
o uniforme dun ladrón,
para saír
up pú pú pú up pú pú pú
ou acordo coas pálpebras tan pesadas
coma as moedas dos defuntos
ou distingo a osa maior
declárome da súa estirpe
e precipítome
cara a ou desde o ceo nocturno
as raias da mao
e o perdido

LLERENA PEROZO PORTEIRO

Os anos tranquilos, 2024

Pode que a miña nenez non fose tan plácida como a quero lembrar, mais os primeiros cinco ou seis anos na aldea correron sen que eu me decatase. Lembro as rutinas, o almorzo de leite fervido con pan duro e manteiga, a lareira sempre morna, as segas, as vacas. No meu oitavo inverno mandáronme á escola. Nevaba e pouco se podía adiantar nos traballos da casa. As vacas, os cabalos e os burros alimentábanse da herba recollida no verán e no outono, xa seca. Non había que levalos e vixialos nos prados. As árbores durmían e non había froita que colleitar. A horta, preñada de verzas, medraba amodo.

A escola quedaba a tres quilómetros da casa. Había que subir ata o outeiro maior e logo seguir á beira do río ata chegar á presa, onde eu, para atallar, gapeaba por un pequeno muro de pedra e chimpaba ata o prado contiguo ao colexio unitario republicano, o cal debía atravesar sorteando as pozas xeadas, tan traizoeiras...

Puiden asistir tan só os tres meses máis crus daquel inverno e nin sequera a diario. Dentro da casa tamén había traballo, alén de ir á feira para trocar o noso leite, o millo, as patacas, as castañas, ás veces un xato ou un leitón, por teas, café, aceite ou azucre...

páx. 16

En 1936 había un ano que estabamos soas na casa mamá e mais eu. Non soubemos de certo do estalido da guerra ata case finais de ano, mais un día chegou de vez ás nosas portas. Ouvíramos na feira que algo acontecera, pero Vilamil estaba tan illada do mundo, protexida e separada polas montañas e ríos do resto da humanidade, que nunca pensamos que aquelas historias de fusilamentos de roxos e queimas de igrexas fosen ter algo que ver coa nosa pequena e dispersa aldea.

páx. 19

As nenas de aldea daqueles tempos eramos ignorantes nas letras. Poucas coma min había que soubesen ler, malia os esforzos alfabetizadores da Segunda República. Si sabíamos moito da vida. Aos meus quince anos eu coñecía moitos dos misterios da vida que a escuridade da ditadura negou logo ás xeracións posteriores. No rural asturiano dos anos vinte e trinta do século XX, o sexo non era máis que outra parte da realidade. Na misa pouco falaban de pecado nin tabú. Desde que teño memoria recordo saber como funcionaba a reprodución, tanto vexetal como animal. Sabía como eran as relacións sexuais humanas e que significaba o amor, aínda que non o experimentara de momento. Tamén coñecía os ciclos do corpo feminino e os remedios para os embarazos non desexados. Presenciara xa algúns partos, humanos e animais. Toda esa naturalidade desapareceu no tempo que convivín con Caridad, Pedro e as miñas sobriñas. Alí todo era silencioso, feo, escuro. E así seguiu por longos anos.

pp. 28-29

... pasando polo autobús de liña a Tinéu, apenas un camión que paraba en cada aldea e transitaba coas portas abertas e ateigado de xente, pitas e toda clase de cousas estrambóticas, ata a chegada dacabalo a Vilamil, a miña aldea entre montañas, autárquica e case feudal, parada nun tempo eterno e inmutable.

A única maneira de chegar á casa onde eu nacera seguía a ser cabalgando, en carro ou a pé... preocupábame que tal se adaptaría aquel mozo, cosmopolita e urbano, á prehistoria de Vilamil. Unha cousa era pasar un par de días con Ismael e Rosita na primavera subtropical e outra moi

diferente unhas cantas semanas na fin do frío e húmido verán asturiano entre vacas, cochos, bostas, fume, carrachas e piollos.

páx. 138

As casas do oeste asturiano non dan aos camiños. Así é a xente da que proveño. Fan as casas cara a dentro, protéxense "dos forasteiros" e intrusos. Desde os carreiros pódense ver as fachadas traseiras. As entradas principais adoitan ser parte dun pequeno terreo, cadrado malia non ser un patio nin semellante, onde conflúen o hórreo e o parreiro coa porta das cortes. Quedan a salvo das olladas indiscretas e das visitas non desexadas, creando ademais un espazo, exterior ao tempo que privado, moi agradable. Logo, para chegar á casa que sexa non queda outra que arriscarse a introducirse na intimidade de cada familia e afrontar o recibimento, que nunca se sabe como poder resultar.

A primeira vista, nada ou moi pouco mudara en Vilamil. A fermosa fachada de pedra estaba como sempre. Alguén pintara os marcos de madeira das fiestras de azul claro. Resultaba alegre e contaba que alí había persoas que se preocupaban polo lugar. A repisa da gran xanela da cociña seguía adornada con multitude de plantas de flor, sementadas en testos e coidadas con agarimo e mestría. No parreiro, tan grande coma a casa, porque en realidade era unha extensión do tellado rematada nun muro e con dúas alturas, podíase ver a palla moi ben amoreada na parte superior e a leña escrupulosamente colocada formando pías coma muros de xeometría perfecta na inferior. O hórreo, no lado esquerdo fronte á casa, víase ben coidado. Diante do parreiro crecía unha robusta figueira que plantamos nos tempos en que marchou Esteban e que era apenas un pau fráxil cando eu a vira por última vez. Agora pasaba dos tres metros. Daba unha boa sombra e baixo a súa copa, inzada de suculentos figos na altura, puxeran unha mesa e tres cadeiras... A escaleira principal, que salvaba a corte das vacas e daba directa á cociña, estaba, como adoitaba, ateigada de madeiros para o lume pendentes de seren carrexados ata a lareira...

pp. 141-42

O tempo na aldea corre menos. A vida no campo non é doada e, ao mesmo tempo, é simple. É dura e plácida á vez. Hai moito que facer, todo o tempo. Todo é importante e nada é realmente urxente, no sentido da urxencia urbana, das oficinas e os negocios. Chegamos a Vilamil coa idea de pasar un par de semanas... mais o ritmo rural apoderouse de nós. Cando demos en calculalo levabamos na casa da miña nai case un mes e non tiñamos gana ningunha de nos mover de alí.

... Na aldea, as necesidades había que facelas na corte, a carón das vacas. E para iso había que saír da casa e baixar a empinada escaleira da entrada, aínda que a gana apertase inoportuna na fría e escura madrugada, porque o cortello estaba debaixo da vivenda, para aproveitar na planta superior a calor dos animais. Os baños de corpo enteiro, con sorte mornos, eran un acontecemento que tiña lugar como máximo unha vez por semana, xa que era preciso quentar grandes potas de auga, previamente traída desde o pozo, sobre a cociña de leña e logo trasladalas ata o barreño que facía as veces de bañeira. Toda a familia tiña que participar na operación de preparar cada baño. ... En poucos días eu descubrírame traballando coma cando era pequena. Sen me decatarse, incorporárame ao equipo e andaba a mover a palla, cortando leña, recollendo hortalizas. Tamén muxía as vacas e fervía o leite, facía manteiga e queixo, levaba as vacas, ovelas e cabras a pastar e daba longos paseos dacabalo revisando o estado dos prados, os plantados e os de pasto...

Eu sentíame feliz con aquel retorno á orixe...

pp. 145-46

... A medida que se afastaba o verán, a carga de traballo diminuíu. O millo xa se colleitara e íámolo debullando aos poucos sentados baixo a figueira, falando de todo e de nada.

páx. 149

... Ti ben sabes o traballo que dá unha casa coma esta. Os cochos, as vacas, as ovellas, as pitas, os cabalos e burros. E tamén as hortas, as froiteiras, segar os prados, arar, recoller a herba. Por non falar dunha casa onde viven tres crianzas, unha vella e un adulto que non dá pé con bóla.

pp. 223-24

Na casa de Vilamil todo seguía igual. Desde 1924 apenas nada cambiara. Agora había auga corrente, quentador de butano e un cuarto de baño na casa, iso era todo. Xa se podía chegar no coche ata case a porta, iso tamén mellorara. Pero máis nada...

Pero non saía fume da cheminea.

pp. 330-31

O paso por Vilamil para despedirme da miña nai deixoume claro que quería volver. Fixen un plan para o futuro próximo que incluía, agora que me xubilaba... Imaxinaba unha existencia bucólica no val de Vilamil, dedicada á lectura e aos paseos polos prados. Pensaba ter unhas poucas pitas, algunha ovella e unha egua. Plantar unha pequena horta só polo gusto de traballala...

páx. 333

Costoia resultou ser unha pequenísima aldea formada por tan só tres bonitas casas de pedra, as tres coas portas principais mirando ao camiño, coma se falasen entre elas nun faladoiro perpetuo. Diante dunha delas, un home que había ser do noso tempo aquelaba un vello tractor Ebro de cor azul que carrexaba bastantes décadas sobre o lombo.

páx. 354

Enfilamos outra pista de terra, ao cabo do cal se adiviñaba unha frondosa carballeira que resultou ser a entrada do eido que se chamaba A Chousa da Tosta... A vista era perfecta. Cara ao sur adiviñábase Costoia, a casa de Charo botando fume branco pola cheminea. Fronte a nós, no leste, o pazo e as casiñas da servidume que a rodeaban. E entre todo aquilo e nós, un prado limpo de herba baixa coidado polas vacas suizas.

pp. 356-57

... A casa era unha ruína. Por dentro non quedaban máis que restos de vigas e chans podres e fora invadida polas silvas. O tellado era un perigo, difícil explicar como non caera xa. Porén, os muros de pedra eran sólidos, seguían en pé e podíamos permitirnos restaurala. O lugar era perfecto. Abarcaba catro hectáreas de terreo con prados, touzas, soutos e brañas. Lindaba ao leste co Camiño de Santiago e ao norte, como eu intuía, co regato da Gouxá. Tiña un gran prado central e outros dous máis pequenos protexidos por touzas con carballos, acivros e castiñeiros, e incluso un vello muíño de cubo, coa súa moa dentro, que nos prometemos restaurar.

pp. 358-59

M^a ROSARIO REGUEIRA CEREIJO

Compañeira, non serva, 2019

... A xente sae das súas casas nas distintas aldeas, antes de nacer o día para estar a primeira hora da mañá na vila e apurar o paso polo fielato para poder facer a feira en tempo; unha vez feita esta, danse uns paseos polo pobo a ver e falar cos coñecidos e, a última hora da mañá ben se volve para casa cun molete de pantrigo e unhas laranxas para compartir cos que quedaron na casa ou ben se come unha ración de polbo con pan de Cea e un neto de viño nos pendellos ou unha ración de carne ó caldeiro nunha das fondas para quedar logo ó paseo que se forma, xa de tarde, na rúa principal.

páx. 27

Moitos veciños de Mourelas, os que tiñan castañas, mazás, cuxos, cebotes, ovos, queixos, manteiga ou calquera outra mercadoría para vender, levantáronse de madrugada. Era preciso facelo así para chegar a boa hora á feira de Santos que había unha boa andaina e precisábase chegar cedo para topar un bo sitio no que acomodar os produtos e vender o mellor posible, porque feiras de Santos só había unha no ano e cumpría sacarlle rendemento.

páx. 85

-Miña nai, esperte que ten que erguerse.

-E logo?

-Filomena está de parto e paréceme que vou ter que ir buscar á parteira que esta vez ven peor que as outras.

-Xa lle empezou?

-Si, xa leva dende antes de nos deitar e non dá de si.

-Logo será mellor que vaias buscar a Modesta de Lendorrío que queda máis cerca que ir a Cardabós pola Manuela, que igual non chegades a tempo. Máis sona ten a Manuela, pero a Modesta está máis a man.

-Si, irei buscar a Modesta, pero vostede ten que se erguer e atender a Filomena mentres eu non volvo.

-Vou, vou. Macario, esperta e érguete que tes que acender a lareira para ferver unha pouca auga...

páx. 86

Ben é certo que a tixola tiña polo mango o vello señor Macario; el era quen ordenaba o xeito de traballar, en que leiras se sementaba millo e en cales patacas, cales eran as cuxas de recría e cales eran as de vender. Tamén era quen rexía os cartos que se facían e, se se precisaba facer algunha compra, había que pedirlos o patrón. Ó tempo, a señora Dorinda seguía conservando a chave da despensa no peto de dentro do seu saio e a Filomena tiña que pedir, cada mañá, asesoramento sobre cal ía ser a súa tarefa diaria. Mesmo para dirimir se sementaban leitugas ou garavanzos na nabeira había que pedir consentimento.

Filomena non estaba conforme ca situación e isto agreaba as relacións entre a familia, mesmo entre a parella...

-Mira Baldomero, as cousas non poden seguir así. Ti ben ves que o trato que meus pais lle dan a túa irmá e a meu irmán en Trasmonte non se parece en nada ó que nos dan a nós aquí. Eles

traballan e resolven a súa vida sen que os pais se entremetan e a nós non nos deixan nin decidir como se vai chamar o noso primeiro fillo...

-Pois a historia ten que mudar, Baldomero que para estar como criados sen soldada non quedamos na casa. Ti es o morgado de casa Macario, non?

-Si, supoño que o serei; cando menos, iso me dixeron.

-E tes algo por ti? Non! Eu fun a feira pasada con dúas ducias de ovos para vender e dous queixos e tiven que entregarlle a teu pai todo o que me deron; nin sequera me atrevín a mercar unhas laranxas para o cativo. Así non é, que para iso faciamos como o Paulino e buscabamos a vida fóra, home...

pp. 90-1

... Ían deixar a cociña de lareira tal e como estaba, sen tocar a nada que, de todos os xeitos, e por moita "bilbaína" que puxeran, cumpría defumar chourizos e secar castañas, cocer a caldeirada dos porcos, facer a boroa de millo... Cousas todas elas para as que era precisa unha lareira. Consecuentemente, as reformas precisas da casa serían todas no primeiro andar e quedaría a planta de abaixo cas cortes e coa lareira como estaba...

... E na solaina imos poñer un retrete e unha almofía. Non será un cuarto de baño repenicado como di o Amancio de Sixto pero, polo menos, terá un retrete que non se pode andar cagando por calquera sitio do mundo...

pp. 102-3

En Mourellos, igual que no resto do mundo, a vida tamén foi andando.

Os habitantes da parroquia foron minguando por causa de que algúns marcharon para Venezuela, ou para Holanda, mesmo para Bilbao ou Barcelona; outros foron morrendo e os que casaban e quedaban na parroquia tiñan menos fillos que noutros tempos...

Á aldea... chegou finalmente a luz eléctrica e con ela as melloras que implicaba: Había lámpadas en tódalas casas; nalgunhas tamén radio e Filomena puido, finalmente, poñer a auga corrente que permitise ter o cuarto de baño... Instalouse na solaina e custou o produto dos pinos do monte do Couto...

páx. 139

Para enfrontar os gastos derivados do casamento, traxes e calzado incluídos, venderon os carballos máis vellos da carballeira de Fontao, que para iso se criaran. Os cartos que sobraron entregáronllos a Manuel en pago da dote de Eulalia e el empregounos en mercar unha moto...

O convite serviuse na palleira que no comedor da casa non cabía tanta xente, ademais usárono para expoñer os agasallos recibidos pola noiva. Para tal ocasión, librárona de todos os tarecos que nela se gardaban, arados, xugos, aixadas e fouces, limparon as teas de araña, e cubriron os dous carros, o vello e o novo, con lenzo branco para que serviran de apoio a unhas táboas que fixeron a función de mesas cubertas con manteis...

pp. 141-42

A viaxe das anduriñas, 2021

Outro gran avance... foi a instalación da luz eléctrica. A Fenosa rematou de plantar postes, torres de alta tensión e tendido eléctrico nas vésperas do casamento de Pilar e Mariano ao tempo que os veciños cobraban o primeiro prazo dunha nova expropiación: a derivada da ocupación das leiras por enriba das cales ía pasar o tendido eléctrico...

Na Casasóa tamén se puxo a luz eléctrica nese tempo, para alivio dos ollos de Dores -ía ver moito mellor á hora de facer o seu traballo-, e do seu peto que, cos cartos que lle pagaron pola expropiación do terreo, púidolle botar un tellado novo á casa, que o vello tiña goteiras en tódolos recantos. Ben rexidos, aínda chegaron para facer un convite de sete estalos o día do casamento de Pilar.

páx. 53

Para chegar á escola, os cativos de Casa de Antón, igual que os do resto da parroquia, tiñan que andar media legua, como mínimo, e outro tanto para a volta. Isto determinaba que ou ían a escola pola mañá ou pola tarde, pero nunca ás dúas horas, se non, non lles daba tempo a comer.

páx. 73

Cando Mariloli e Salvador amañaran a Casasóa, aproveitaran os baixos nos que estiveran as cortes dos animais -baldeiras dende facía moitos anos- para facer a cociña ben grande, o salón, un cuarto de baño e outro cuarto máis pequeno, pero con un precioso miradoiro que daba á seara de Campolongo e que tiña un uso versátil.

páx. 148

MARÍA REIMÓNDEZ

O xeito das froitas, 2018

Pensaría mellor na avoa Emilia, que era a única que tiña e que ademais vivía “na aldea”. A ela gustáballe moito estar alá e estaba segura de que á mazá do colector tamén lle había gustar porque a avoa tiña unha horta con mazairas, así que podería estar con amigas. Ben, iso cando saísen as mazás, que agora non era época. O avó morrera antes de nacer ela, nunca o coñecera, pero a avoa Emilia era xenial. Ademais das mazairas tiña galiñas e uns coellos e unha casa pequena con dúas plantas. Na planta baixa estaba a cociña e unha porta para a corte onde antes tiña unha vaca, Na parte de atrás tiña sempre algún porco cando era tempo de cebalos. A Iris gustábanlle moito os animais.

(...)

A horta cambiara radicalmente dende que chegaran e a Iris encantáballe máis que nada estar nela, sachando, plantando e recollendo. Aínda a fascinaba a de pementos que podía dar unha planta durante todo o verán. Ou sacar as cebolas e as cenorias da terra. Tiñan tamén outra leira máis pequena chea de patacas. A chegada da súa mai fora coma un vendaval, e agora agardaban a chegada das verzas, os feixóns e todo tipo de cousa que a terra puidese dar. Iso e as pitas que poñían seguido ovos; os coellos que, de cando en vez, facían un bo estofado; e agora no outono xa tiñan previsto cebar un cocho para poder ter que comer “ata a primavera”, dicía a avoa. Narciso torcía o bico cando falaban de matar o porco, seguía sendo algo remirado para esas cousas e quitáballe a todo a graxa, peor Iris tiña moita curiosidade por saber como se facían os chourizos, máis que nada porque, xunto cos ovos fritos das pitas, eran do máis rico que se podía comer, pensaba para si.

En vías de extinción, 2012

A súa mai non cre nas caldufadas que a xente lles daba aos animais, ela ou lles dá algo rico e lles cociña unha boa porta de arroz, ou papas de millo para complementar o de fóra ou nada. A xente da contorna fala diso onde a fonte, rindo (...) Adela sempre afirma que non lle importa producir, senón alimentarse e que os cartos só son papeis para trocar en cousas necesarias. Mariña leva toda a vida escoitando o mesmo e se cadra de aí a xenreira aos que mete cen vacas nun galpón metálico a chucharlles o leite o día todo, algo que por outra banda semella estar cada día máis de moda.

ANAÍR RODRÍGUEZ

Áurea Rodríguez en *Pioneiras. Galegas que abriron camiño*, 2018

A raíña da gaita

Áurea Rodríguez naceu no ano 1897 en Muntián, unha pequena aldea do concello ourensán de Cartelle. Coma case todas as nenas e nenos que nacían daquela no lugar, era filla de labregos.

Tivo cinco irmáns máis novos ca ela, todos homes: Castor, Felisindo, Manuel, Eliseo José e Benigno, dos que se tivo que facer cargo demasiado pronto, xa que os pais morreron sendo os fillos aínda uns cativos.

Desde sempre sentiu paixón polo son da gaita. Aos dez anos xa sabía tocar este instrumento e con tan só trece, orfa xa de nai e pai, formou xunto con catro dos seus irmáns o grupo *Os Maravillas*, co que percorreu festas e romarías de toda Galicia como medio de gañar a vida. Castor ao requinto; Manuel ao tambor; Eliseo José, o máis novo, ao bombo, e Felisindo e Áurea, ás gaitas.

Pero Aurea non só era a gaiteira principal do grupo, convértese tamén na súa líder e pasa a ser coñecidísima e admirada alá onde actúan, tanto por ser das poucas mulleres músicas que se vían daquela, como polo seu carisma e forte personalidade. O éxito do grupo traspasa as fronteiras galegas e actúa tamén en Madrid. Aurea é bautizada pola prensa como «A raíña da gaita galega».

Na década de 1930, cumpridos os trinta anos, Áurea, xunto con Castor e Benigno, forma un novo grupo, *Os Menores*, e decide emigrar a América; iso si, acompañada do seu instrumento. Alí viviu durante anos, en Arxentina e Venezuela, e non se ten noticia de que chegase a casar, cousa pouco común nas mulleres daquel tempo, polo que debeu seguir sendo a mesma muller independente e carismática de antano. O que si se sabe é que non abandonou a música e que con corenta e oito anos aínda facía soar a súa gaita por escenarios venezolanos.

PURA SALCEDA

O paxaro de Nácara, 2019

Tras a nevada, a aldea semellaba un gran pastel de nata estendéndose ante os seus ollos... A aldea, presentábase, pois, ante os seus ollos, doce e comestible, e Neli, hiperbolicamente antropófaga, imaxinaba que era capaz de comela enteira, coma se deglutira lle servise de alimento catártico aos vivos e aos mortos e a todos os que algunha vez a habitaron. Neste acto faría súas cada conversa, cada envexa, cada sinal de amor, cada ausencia, para fundirse despois con ela, gorxa abaixo, nunha comuñón estraña e deliciosa.

... Nélica podía evocar, por exemplo, a sensación das mans frías pola mañá, cando de neno se levan as vacas a pacer, e que só quentan cando se fretan cun puñado de neve, unha contra outra. Pero esa non era a súa historia, senón unha das moitas historias que oíra contar a seu pai, tantas veces, que mesmo se podía sentir ese frío coma se fose vivido por ela. A verdade era que nunca vira nevar en Galicia. Para ela a terra dos seus pais era un lugar de silvas cheas de estivais amoras, xigantescas e incomparables, que deixaban a súa marca delatora e escura entre as uñas. Porque para Nélica, a aldea era un lugar mítico, case irreal, que coñecía só a medias; ás veces a través dos relatos dos outros, en recordos que se incorporaban a súa memoria coma se fosen vividos por ela nalgún momento (como o das mans frías na neve) e, con todo, malia a distancia evidente entre a realidade e a súa percepción, sentía aquela terra como propia, como a súa auténtica casa, a pesar de habitala só fugazmente na súa infancia.

Foran apenas tres meses nos que, despois de regresar a súa familia das Américas, quedara co seu irmán Moncho na casa dos avós maternos...

As visitas posteriores de Nélica Salgueiro á aldea sempre coincidiran coas vacacións de verán... Desde o corredor da casa do Curro, divisábanse agora os estreitos camiños limitados polos escuros muros de lousa da división das partillas, constituíndo un contraste case perfecto en branco e negro, como nunha pintura neorrealista. Mentres as folerpas batían amodiño no patio cuberto de espiños de toxo, pensaba nas estragadas mans deses aprendices de canteiros domésticos, golpeando coidadosamente as lousas ata conseguir un perfil idóneo que se axustase á seguinte pedra dese mural, lenzo natural acabado de pintar polo paso do tempo que, coa pegada dos liques e musgos, transformábase por un azaroso milagre en obra de arte floral cotiá. Coa caída da neve, modelábanse caprichosamente os volumes, escondendo a forma real dos arbustos secos e ameazantes. Todo era vello e novo ao mesmo tempo, languidamente predicible, ou iso cría entón, allea aos acontecementos que viviría o verán seguinte naquel aparente oasis, onde escuros segredos saírían á luz.

pp. 7-9

Pola tarde, Nélica decidiu pasear coa súa filla Helena para amosarlle as leiras e montes que pertencían á familia, tanto por parte de pai como de súa nai. Non recoñecía todos os anacos de terra da súa propiedade, xa que se partillara a herdanza tanto que se convertera nun complexo quebracabezas.

-Ves? Ese carballo alí en metade da veiga é o que plantou teu avó.

-É verdade! Pois vaíamos cara a el e fareille unha foto para o Instagram.

... Achegáronse á enorme árbore, non sen dificultade, porque a herba ao seu redor medrara demasiado, de maneira que esgazaban as pernas...

Cando chegaron ao solitario carballo, viron como abrazadas unha por cada lado ao tronco non podían xuntar as mans entre elas, tal era o diámetro da árbore. Era esta unha árbore emblemática, un dos maiores orgullos do seu pai, e vela medrar converteuse nun espello da súa propia existencia. Ambos os dous viron transcourir os días, paseniñamente, e aínda que a vida os

afastara, sentimentalmente estaban unidos. Este era o primeiro lugar que o pai visitaba cando volvía á aldea, coma se de verdade se saudasen e se recoñecesen un no outro...

... saíron da veiga e seguiron o seu camiño.

-E se estas terras son nosas, por que non as vendemos?

-Porque agora non hai quen chas queira. Hai anos si... Pensa que daquela, en Feás, había cincuenta sucursais bancarias e agora non queda ningunha...

-Tamén temos montes? E para que carallo serven os montes?

-Se os coidas, dan madeira e a madeira págase. De aí veu o mal de plantar eucaliptos porque medran rápido e dan máis ganancias. O problema é que estragan o chan e secan as fontes naturais. Os piñeiros e os eucaliptos son coma mistos.

-E nós que temos?

-A última vez que queimaron uns piñeiros nosos, meu pai encargoulle a un home que plantase castiñeiros. Tardan en medrar, pero son mellores para o ecosistema e dan castañas.

pp. 88-91

GLORIA SÁNCHEZ

Doutor Rus, 1995

A ovella peluda

Visítame unha ovella peluda. Ten sufocos e ardores de estómago.

-Vou morrer? –pregunta.

Mírolle a lingua: tena vermella. Mírolle os oídos; tenos moi sucios.

-Canto hai que non lle cortan a la? –pregúntolle

-Hai moito diso. Gústame levala así.

-Ese é o teu problema. Vas demasiado abrigada en agosto.

-Terei que cortala? –dime.

-Si, ou morrerás deshidratada.

-Vaima cortar vostede?

-Son doutor, non perruqueiro.

-Se ma corta, regalareille a la. Fará un bo xerse para o inverno.

Acepto o trato. Fágolle un corte moderno cunha crista no lombo estilo punky. A ovella marcha tan fresca.

Á mañá seguinte chegan sesenta ovellas á miña consulta para que as rape como á súa colega.

Puxen unha perruquería na caseta do xardín. Pagáronme a la a bo precio. Consultando bichos pobres non ía facerme rico.

A Cuca soa

Visito á señora Cuca no seu niño. O señor Cuco anda polos piñeiros a cucarlle á xente.

A Cuca está soa no niño. Non ten ovos. Outros paxaros encárganse de llos coidar.

A Cuca está moi enferma; sáelle unha peluxe branca polas plumas que lle impide voar. O Cuco deixou de cantar. Achégase ao niño e dime:

-Cómpre que a leve a outro niño e que outro paxaro coide dela. É o costume.

Levo a Cuca ó pombal que hai na torre da praza. Un pombo amigo meu coida dela coma se fose a súa muller.

El curouna. Cuca estaba falta de cariño. A falta de cariño produce ronchas no peteiro e peluxes nas plumas.

Cuca e Pombo namoráronse. Ela non quere volver co seu home. O Cuco quedou moi amolado.

A vaca dixo mua, 2017

Nunha pequena aldea entre montañas, a xente levaba unha vida feliz. Cultivaban as hortas, conversaban devagar e tendían a roupa ao sol. No bo tempo chapuzaban no río, ían ás troitas e aos amorodos. Polo inverno aconchegábanse arredor do lume. Os máis vellos contaban historias aos nenos; historias certas e contos de marabillas. Todo discorría en paz. Pero había un ser ruín que quería facerse dono do val e mandar en todos os habitantes: Bombardino. [...]

p. 9

Eira non paraba de rir. Os bicos mollados da vaca facíanlle cóxegas...

mua, mua...

Entón caeu na conta de que ademais dun **u** repe, xa tiña o **a** que tanto ansiaba. Colleunos, cun pouco de noxo, iso si, pois estaban todos pegañentos co cuspe da vaca. Gardou o **a** e o **u** na súa mochila. Deulle unha grande aperta á vaca e continuaron xuntas o camiño. Ía cantando para si:

A vaca deume o **a**,

a ovella deume o **e**,

a pita deume o **i**,

o moucho deume o **u**,

e o rato deume o **i**.

Co **u** que sobra, que farías ti?

pp. 40-41.

DOROTHÉ SCHUBARTH

Musicóloga. En anos de pescudas, viaxes, entrevistas con informantes e centos de gravacións recompilou o *Cancioneiro popular galego*. Un texto no que conta unha das súas viaxes:

BANDE

Antón e os compañeiros do Instituto da Lingua Galega axudáronme moitas veces a facer un contacto antes de ir a un lugar. Cando por primeira vez fun a Bande, quedáramos en que me presentase no colexio. Despois das clases, pola tarde, podía ir cos rapaces no transporte escolar a Carpezás. E así o fixemos. As mestras recibíronme dun xeito moi cordial, avisaron os nenos e pola tarde fun con eles alá. A liña parou na pista, os nenos correron monte arriba, e eu atrás deles. Ó chegar ó lugar mirei en van a ver se vía os nenos. Só había por aquí e por alá unhas mulleres que me botaron un ollo sen saudar. Sen nenos quedei sen contacto ningún en Carpezás.

Senteime nunha pedra esperando... ata que se achegou a min unha muller dicindo que me apurase se quería voltar con día a Bande.

Saín do lugar e avistei a pista abaixo. Por alí non pasaba ningún vehículo ... finalmente apareceron tres torcendo pola curva. A ver se un deles me leva, se me dou présa. E o terceiro levoume. Tanta viaxe por nada. Preguntei nunha fonda por pousada. Era a fonda de Obdulia.

MARGA DO VAL

A cidade sen roupa ao sol, 2010

A ALDEA

só pasea a cidade o domingo
pola Corredoura
a Aldea.

CARMEN VARELA

As Desterradas, 2021

SOR ELVIRA (*sentada nun escano e chama por Tareixiña para onda ela*): Non te desgustes, Tareixiña, que para outra vez seguro que xa che acorda. Nós tampouco nacemos aprendidas. A melancolía é un pecado grandísimo, e as monxas non podemos consentilo en nós.

(Tareixiña séntase ao seu carón e pousa a cabeza no ombreiro de Sor Elvira. Comeza Sor Elvira a adoutrinala collendo unha man de Tareixiña entre as súas)

San Paio é un santo moi avogoso para as doenzas dos ósos, para o mal dos eivados e tamén para o mal dos peitos das mulleres. Que por desgraza moito hai diso ultimamente. Ti fálalle do noso Neno Mártir sempre a todos os que cheguen á porta. E se veñen pedindo un caldeiro de auga énchesllo na nosa fonte e dásllelo aínda que non traian esmola, que piden a auga para darlles o primeiro rego ás leiras cando sementan. Din que as colleitas son mellores se as regan coa auga da nosa fonte ao sementárennas. Sempre se lles deu de balde.

SOR EINÉS: Pois a dar ninguén se puxo rico!

SOR ELVIRA: Que o bendito San Paio se acorde deles e das súas colleitas!

Faise o escuro, 2023

ANTÓN: Buf, eu diría que estás bastante enfadada. Xa estás coa regra outra vez? (*Raquel fai un mal xesto a este comentario*). En enfados es ti a especialista. Case tes un doutorado. Así que mellor non digo nada. Se ti dis que non estás enfadada será que non estás enfadada. Simplemente que este é o teu xeito aldeán de estar de boas.

RAQUEL: Antes a aldea non che parecía tan mal.

ANTÓN: É que quedou un pouco pasada de moda, sabes? Falábao o outro día con Graciela. Ela tamén bota de menos vivir nunha gran cidade. A aldea está ben para ir o domingo comer un cocido e máis nada. A aldea só vos interesa aos que vos gustan as cousas vellas. Arqueólogos, restauradores... Nin os labregos lle teñen tanto apego. O que pasa é que á miña Raqueliña tirallo a aldea. Por se non o sabes, es unha desertora do arado arrepentida.

RAQUEL: Cunha boa conexión de internet vívese mellor que aquí.

ANTÓN: Iso nin o sabemos, nin o imos saber.

RAQUEL: E logo?

ANTÓN: E logo non hai boa conexión de internet e probablemente non a vai haber nunca.

.....

RAQUEL: Polo que me contou Lidia o proxecto esnaquiza a zona. Quedan tres parroquias escaralladas por completo, entre pistas, liñas de evacuación da electricidade, que non é só o monte, que ata se lle meten nas aldeas. Quince aldeas dentro da poligonal do parque eólico! Iso que é? Un parque eólico ou un asalto urbanístico?

ANTÓN: E a ti que mais che dá? Se total alí, dentro de nada non vive ninguén.

RAQUEL: Como para ir vivir alí con este panorama.

ANTÓN: Moito falades vós desde Compostela. Gobernades o mundo. Os eólicos, ao fin de contas tamén lle reportan cartos ao concello.

RAQUEL: Buf, Antón. Non amoles! Mercácheslle o argumentario aos promotores das eólicas?

ANTÓN: Eu non lle merquei nada. O único que digo é que é moi bonito falar dende aquí. Pero aquilo é un putito deserto demográfico. Algo haberá que facer con todo aquilo. E por riba mal

coidado. En canto os deixas xa lle están metendo ladrillo e bloque a todo. Ladrillo, bloque e somieres. Ademais, eu non vexo que ti esteas aquí sen luz. Tes lavadora, lavalouzas, secadora, televisión, ordenador... ata a puta máquina esa de arrincar os pelos das pernas é eléctrica. Dalgún lado ten que saír a electricidade que consumimos...

RAQUEL: Home, dalgún lado claro que ten que saír, pero podía saír un pouco máis repartida, digo eu.

INÉS VÁZQUEZ

Aldara. A lenda do cervo branco, 2021



SARA VILA ALONSO

O incendio, 2024

Neboeiro é un lugar coma outro calquera, pero baleiro. Un carreiro flanqueado por eucaliptos leva á casa da miña avoa, no fondo do camiño, xusto antes de chegar ao río.

Alí concéntranse varias vivendas, todas do lado dereito da pista, e ningunha está habitada. Diante delas, nun prado enorme chamado O Campiño, crecía a broza sen impedimento ningún. As silvas chegaron a tapar os postes das viñas e tamén os restos da maceira brava que contra o final do verán daba unhas mazás pequeniñas que perfumaban toda a aldea. Por suposto, da horta que plantaba miña avoa non queda nada. Xa antes do lume, as uvas das videiras mesturábanse coas amoras da silveira que inzara polo Campiño todo. Non é un sitio bonito, iso xa o pode imaxinar calquera por isto que estou contando; nin sequera era bonito antes do incendio, tampouco cando a avoa aínda coidaba das plantas, dos animais e de min.

páx. 9

Os eucaliptos estaban no monte da Xeixeira, no carreiro que leva á casa da miña avoa...

A avoa e mais eu iamos moito ao monte da Xeixeira a buscar piñas para prender o lume na cociña de ferro. Pero diso hai xa moitos anos. Logo ardeu, ... queimáronse todos os piñeiros e no seu lugar só agromaron eucaliptos. Por iso a avoa se queixaba da peste dos "alcolitos" que medraban en calquera parte...

pp. 22-23

A filla de Asunción dos Ferreiros volvera para a cidade, porque non se daba na aldea dende que marchara estudar fóra e atopara traballo de oficinista na Deputación. Fixérase unha señorita de moito carallo, veu dous meses para Neboeiro para atender a nai que anda a caghar xofre, e non aguantou, disque collía depresión de estar na aldea, ou vai a vella para o piso con ela ou a mete nun asilo. Damos todo polos fillos e así nolo paghan, miña reina, mandándonos para a canceira.

pp. 56-7

Aquelas folliñas verdes e diminutas comezaron a agromar demasiado pronto entre a cinza. O chan negro, as árbores negras, as paredes das casas negras contrastaban con aquel verde luminoso que se abría paso tras o incendio...

Non entendo por que meus pais teñen tanta présa por vender a casa. Será unha forma de desprenderse dunha parte do que foron que non lles gusta?...

páx. 181

Cando chegamos á casa xa o cuberto ardía. Non se vía nada dentro, tratamos de botar auga pero o motor do pozo non funcionaba. Quixemos ir á fonte, pero había lume polo camiño. O río estaba demasiado lonxe. Non había bombeiros, nin auga, nin veciños que axudasen... Quixen chamar por teléfono, pero a liña estaba cortada. Tampouco había luz. O Campiño ardía. A maceira brava ardía. As herbiñas secas e pequenas das cunetas ardían e nós pisabámolas para apagar o lume.

Só puidemos escapar en dirección ao río porque era imposible pasar pola vía ou polo eucaliptal da Xeixeira.

páx. 190

HELENA VILLAR JANEIRO

De rosa antiga, 2022

Neve en aberecer

Tras do fume rural que sobe ós ceos
como maitines albos
viñeron os pestifles desacordos do vento
e o azul perdeu as aguias
antes de se virar a un gris perlado
que se esluíu nos cortinóns da brétema.

Veu despois a quietude dos espacios
e púxose nas árbores como un anel
antes de que caese a tarde polo seu peso
cal pano de grosgrain,
espiñándose nas beiras dos acrivros
e sentindo no útero do tempo
dores de parto.

A rosa das montañas foi oración
chamando polo manto das folerpas
que ulen a infancia e a adolescencia,
e, albo ramo de noiva,
incita á voda do silencio
coa paisaxe
recuperando a estampa
que criamos perdida para sempre.

